

	Extremidades	Pel	Alimentación	Tª Corporal	Grupos	Características	2 Exemplos
PEIXES	Posúen aletas	Escamas	A maioría son carnívoros , tamén hai herbívoros	Ectotermos - sangue fría. A temperatura do seu corpo é igual a do medio	Cartilaxinosos	Posúen esqueleto cartilaxinoso. Non teñen vexiga natatoria. Teñen fendeduras branquiais.	Quenllas, mantas e raías
					Óseos	Posúen esqueleto óseo. Teñen vexiga natatoria, As branquias están protexidas por unha estrutura chamada opérculo.	Troita, salmón, atún, dourada, rodaballo
ANFIBIOS	Teñen catro extremidades en forma de pata .	Teñen a pel espida e moi fina	Carnívoros	Ectotermos - sangue fría	Anuros	Carecen de cola. Teñen o corpo curto. As patas posteriores están máis desenvolvidas ca as anteriores.	Ras e sapos
					Urodelos	Con cola moi desenvolvida. Teñen o corpo alongado. As catro patas son curtas e do mesmo tamaño.	Píntegas e tritóns
RÉPTILES	Posúen catro extremidades en forma de patas . As tartarugas mariñas teñen aletas . As serpes carecen de patas	Presentan a pel con escamas	A maioría son carnívoros pero algúns son herbívoros (tartarugas e iguanas)	Ectotermos - sangue fría. A temperaturas baixas son lentos e pouco activos. En inverno aletárganse e hibernan	Quelonios	Corpo protexido por unha cuberta. Non teñen dentes, senón bico córneo. As mariñas teñen as patas transformadas en aletas.	Galápagos, tartaruga laúd, sapoconcho
					Crocodilanos	Teñen un longo fouciño con numerosos dentes. O tronco é robusto e o rabo utilízano para nadar.	Crocodilos, caimáns, aligátors e gaviais
					Saurios	Teñen o corpo alongado. Algunhas especies presentan un rabo do que poden desprenderse para escapar dos depredadores.	Lagartas, lagartos, iguanas e camaleóns
					Ofidios	Teñen o corpo cilíndrico e alongado. Non presentan patas. Desprázanse reptando. Algunhas teñen glándulas venenosas.	Cobras, boas, pitóns, culebras e víboras
AVES	As extremidades anteriores son ás . As posteriores son patas	Plumas e escamas nas patas	Herbívoros, carnívoros ou omnívoros	Endotermos - sangue quente - Manteñen a temperatura constante	Carenadas	A maioría son voadoras. Teñen quilla (unha extensión do esterno) onde se unen os músculos das ás.	Gaivota, aguiá, falcón, pingüín, galiña ...
					Ratites	Son aves corredoras. Non teñen quilla e músculos para o voo. As ás están moi reducidas.	Avestruz, casuario, ñandú, emú, kiwi
MAMÍFEROS	Nos terrestres teñen forma de patas . Nos acuáticos teñen forma de aletas . Nos morcegos forma de ás .	Teñen o corpo cuberto de pelo .	Hainos carnívoros, herbívoros ou omnívoros	Endotermos - sangue quente - Regulan a súa temperatura, de xeito que a teñen constante, independentemente da do medio.	Monotremas	Son ovíparos, as crías obteñen o leite lambendo a pel entornando ás glándulas mamarias.	Equidnas e ornitorrinco
					Marsupiais	Desenvolvemento breve no útero da nai e nacen crías diminutas que pasan un longo período de lactación dentro do marsupio.	Canguros, coala, diaño de Tasmania...
					Placentarios	O embrión permanece no útero alimentado por nutrientes que recibe a través da placenta.	Primates, roedores, felinos, elefantes, lobos, morcegos, baleas...